

Novembro 2016

O ensino do portugués, en todos os centros galegos

Actualmente, o portugués é ofertado para o seu estudo en 60 centros públicos da Galiza.. Moito pouco, tendo en conta que hai 341 centros públicos e máis de 130.000 alumnos e alumnas de ESO e Bacharelato no ensino público. Todas e todos os galegos deberíamos ter uns mínimos coñecementos desta lingua, dada a nosa orixe cultural e lingüística común e a necesidade de coñecemento mutuo cara un futuro que ten que aproximarnos máis, para alén das relacións económicas.

No ano 2014, a Xunta de Galiza aprobou a chamada *Iniciativa Paz Andrade, converténdoa en lei: LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa Lusofonía*. Nela, o Goberno galego comprométese a promover o coñecemento da lingua e cultura portuguesas. Mais o cumprimento da dita lei está lonxe de ser real, reduciuse a non pór demasiados impedimentos a aquel profesorado ou centro que tiveron a iniciativa de ofertar portugués cando había dispoñibilidade horaria. Contrasta isto por exemplo co interese e seriedade do Goberno da Extremadura, onde o portugués, co único vínculo de ser lingua veciña, se oferta en practicamente todos os centros, de primaria e secundaria. Na Galiza, prexuízos de fondo fan que durante séculos se evitase o contacto e se vivise de costas a Portugal. Precisamos unha mudanza de rumbo.



Introducir o portugués -a quinta lingua mais falada no mundo, oficial en nove países e nos cinco continentes, e con arredor de 250 millóns de falantes- nos centros de ensino da Galiza é sumamente importante porque **dignifica o noso idioma**, pode axudar a recuperar léxico e estruturas hoxe moi pouco empregues ou substituídas polas españolas e móstranos a grande utilidade e rendemento do noso idioma.

A facilidade e rapidez con que unha persoa galega aprende portugués é tamén un aliciente para o seu estudo, e pode, cun esforzo e tempo menores, conseguir coñecementos suficientes para obter os certificados oficiais (B1, B2)

Demandamos da Consellaría de Educación:

1. A oferta de portugués como materia en todos os centros.
2. A dotación de todos os centros de profesorado de portugués, pois se

hai interese real en que se imparta non se pode deixar o tema na boa vontade do profesorado actual nin na existencia de horarios sobrantes.

3. Formación para aquelas persoas que xa o están a impartir, mais tamén para aquelas que manifesten a intención de facelo e teñan a titulación correspondente.

4. Que na oferta e cobertura de prazas docentes, tanto no Concurso Xeral de Traslados como no Provisional, apareza o perfil de portugués.

5. Avaliación anual da aplicación da Lei.

COLABORA coa CIG-Ensino e a Associação de Docentes de Português na Galiza na introdución do ensino do portugués no teu centro. Neste momento, pode ser como primeira ou segunda lingua estranxeira, ou como materia de oferta do propio centro. Pide á dirección que se faga, e, mesmo, se tes interese e coñecementos, decídete a impartilo.